

Pertenceu á chamada [Xeración do 27](#) na literatura española, e á do 25 ou 22 na galega. Cos seus contos e pezas de teatro, entre las que destacan *A fiestra valdeira* y *Dos arquivos do Trasno*, intentóu modernizar o sistema literario galego afastándoo do ruralismo.

Neno nunha casa de adultos -o menor de sete irmáns ao que o maior lle levaba 23 anos- e de nai uruguiaia, Rafael Dieste naceu en 1899 en Rianxo, a vila mariñeira na que tamén naceron Castelao e Manuel Antonio. Rematados os primeiros estudos en Rianxo matricúlase por libre en Maxisterio, mais interrompeu os seus estudos para viaxar a México, onde vivía un irmán seu. De volta a Rianxo iniciou a súa relación coa literatura da man de Manuel Antonio. Ambos entraron en contacto co federalismo e o nacionalismo a través de [Vicente Risco](#).

Regresa a Galicia en menos dun ano pagándose a pasaxe co importe dun premio literario, convocado polo Casino Español de Zampico. De regreso reanuda os cursos de maxisterio, publica os seus primeiros contos na revista *Galicia Nueva* de Vilagarcía e na compostelá *Cuentos Nuevos*.

Rafael Dieste inclinouse desde moi novo polo engado da literatura e filosofía. Educado nos valores da cultura republicana comezou a despuntar axiña como escritor desexo renovar o sistema literario galego.

Entre 1921 e 1923 debeu facer o servizo militar na guerra de Marrocos, pero a raíz do desastre de Annual destacaron o seu rexemento a África para participar na guerra colonial nas montañas do Rif.

Tampouco esta vez lle fixo caso a Manuel Antonio, que pleno de simpatía por Abd-el-Krim, o instaba a desertar, e dedicou os ratos libres a editar con Xosé M<sup>a</sup> Brea Segade e Xesús Romero Suárez unha revista mecanografada en galego titulada *Charamuscas*.

De regreso a Galicia, rematou a carreira de Xornalismo e colaborou en varios xornais de Vigo, como *Faro de Vigo*, *Galicia* y *El Pueblo Gallego* e foi secretario da Asociación da Presa de Vigo. Son os seus uns artigos de gran calidade a través dos que se expresa estética e ideoloxicamente como republicano e galeguista. En 1926 e pagándoo do seu peto sae a edición de *Dos arquivos do trasno*, o mesmo ano no que saen *Cousas* de Castelao e coa lectura de *A fiestra valdeira* ingresou, en 1927, no Seminario de Estudos Galegos. Dieste formou parte dunha nova xeración que se debateu entre a dedicación á causa gallega e o desexo dun triunfo persoal máis amplo nas letras españolas. En 1930 decide marchar a Madrid para relacionarse cos cenáculos literarios, pero a súa plena integración na cultura española produciuse en 1932 ao ingresar nas Misións Pedagóxicas, inspiradas no pensamento educativo da Institución Libre de Enseñanza. Así, creou e dirixiu o Teatro Guiñol para as Misións Pedagóxicas, para o que escribiu bastantes farsas, como *Viaje y fin de don Frontán* (Farsa trágica), en 1930 ; *Farsa infantil*, *La fiera risueña* y *Curiosa muerte burlada* (1933), *Simbiosis* (1934), *Quebranto de doña Luparia* y otras farsas (1934). Son de carácter traxicómico, esperpéntico e grotesco. En 1933 encabezou a misión que visitou Galicia.

En recompensa polo seu traballo nas Misións, a Junta de Ampliación de Estudios concedeulle unha bolsa de viaxe que fixo por Francia, Bélxica, Holanda e Italia para analizar as correntes teatrais máis novidosas.

A primeira representación da Fiestra tivo lugar en Rianxo o 15 de decembro de 1935, nunha función dirixida polo propio autor e interpretada polo grupo teatral de mariñeiros, amas de casa e estudantes que alí funcionaba.

A sublevación do 18 de xullo de 1936 sorprendeulle traballando nas [Misións Pedagóxicas](#).



## Tertulias Literarias

Durante a Guerra Civil, formou parte da Alianza de Intelectuais Antifascistas, sendo director do Teatro Español de Madrid e dirixindo o grupo de teatro «Nueva Escena», surxido da súa sección teatral e sendo un dos responsables da súa revista literaria El Mono Azul. Foi nomeado director do Teatro Español formando unha compañía con actores en paro. Dieste recibe o encargo de Castelao de dirixir Nova Galiza na que firmou por primeira vez co pseudónimo Félix Muriel e que contén practicamente toda a súa obra bélica en galego. Dirixiu xunto a Antonio Sánchez Barbudo a revista El Combatiente del Este (1938). Escribiu obras de circunstancias, como *Al amanecer*, obra nun acto coa que estreñaron Rafael Alberti e María Teresa León a sección «Nueva Escena» no Teatro Español, e un cervantino *Nuevo retablo de las maravillas* (1937), no que só poden ver as peripecias e figuras do retablo “los que no estén tocados de marxismo, sindicalismo, anarquismo y demás plagas”.

Seguiu a retirada republicana a Valencia y Barcelona, e se exiliou en 1939. En febreiro dese ano Rafael Dieste, entre unha tormenta de vento, cruza a pé os Perineos nevados e foi recluso no campo de concentración de Saint-Cyprien. Pouco despois, embarca coa súa esposa no porto holandés de Rotterdam rumbo a Montevideo.



Despois de breves estancias en Francia, Países Baixos y Uruguay, estableceuse en Bós Aires, onde traballou como director literario na Editorial Atlántida e fixa o café Tortoni como lugar de reunión cos amigos, exiliados galegos na súa maioría, onde poñen en marcha proxectos culturais e editoriais moi importantes. Rafael, que por esta época escribía case exclusivamente en lingua española, colaborou con narrativa breve ou ensaio nas revistas, tanto galegas (*De mar a mar*, *Correo Literario*, *Galicia*, *Resol*), coma extragalegas (*El Pensamiento Español*, *Argentina Libre*, *Alfar*). En 1948, viaxou pola Europa assolada trala Segunda Guerra Mundial como comisionado do Museo Nacional de Artes Plásticas de Montevideo co encargo de facer un informe sobre a arte europea para o goberno uruguaio, e aceptou un posto de lector de Lengua e Literatura Españolas na Universidade de Cambridge ata 1952, ao que seguiría outro lectorado no Instituto Tecnolóxico de Estudios Superiores de Monterrey.

Malia todos os inconvenientes, foi creando unha importante e sólida obra literaria, estruturada arredor da ética e da solidariedade humana, tanto en narrativa como en teatro, ensaio e poesía.

En 1954 regresou a Bós Aires e á Editorial Atlántida, na que apareceu a versión definitiva de *A fiestra valdeira* (1958), que revisaba a de 1927.

En 1961 volveu a Rianxo y, un ano despois, publicou na Editorial Galaxia, consagrada en exclusiva aos autores en lingua gallega, una reedición ampliada de *Dos arquivos do trasno*. A mediados dos sesenta instalouse na Coruña e en 1970 ingresou como meembro de número na Real Academia Galega co discurso *A vontade de estilo na fala popular*. Separadamente de colaborar nalgunhas publicacións, foi homenaxeado e requerido para conferencias e mesas redondas. As súas intervencións nestos actos foron recollidas no libro póstumo *Encontros e vieiros* (1990). En 1977 asinou o *Manifiesto dos 29* reclamando o autogoberno para Galicia. Pouco antes da súa morte apareceu o volume *Antre a terra e o ceo*, que recolle artigos dos anos vinte publicados en *El Pueblo Gallego*. Dedicóuselle o Día das Letras Galegas de 1995.

Como curiosidade, mencionar que Roberto Bolaño homenaxeou a Dieste facendo dun exemplar da súa obra *Testamento geométrico* unha parte importante da trama da súa novela *2666*.

Obra

Manuel Aznar Soler publicou en dous volumes o seu Teatro en Laia, 1981, con pegadas de Luigi Pirandello, Miguel de Unamuno e Ramón María del Valle-Inclán); máis tarde foi poeta, con *Rojo farol amante* (1933), «epifanías» (segundo Javier Alfaya) do 27, con pegadas de Federico García Lorca, Rafael Alberti, Vicente Aleixandre e ata Pedro Salinas, aínda que empezou antes publicando relatos en galego, *Dos arquivos do trasno* (1926), onde a fantasía e o misterio arrincan as letras galegas do seu ruralismo de entón. Logo, becado por Europa, escribiu un ensaio sobre o teatro, *La vieja piel del mundo* (1936), e despois veu a guerra, o exilio e a súa obra maestra, o excepcional libro de contos, lidos ante unha tertulia de exiliados, noutras tantas tardes no café Tortoni de Buenos Aires, en castelán, publicado logo en 1943, *Historias e invenciones de Félix Muriel*, un libro de contos maxistral, inscrito xa na historia da literatura española para sempre.

A edición bilingüe das súas *Obras completas* (Edicións do Castro, 1995), codirixida por Darío Villanueva, está en curso de publicación. Apareceron dous tomos: o primeiro, dedicado á narrativa e poesía, e o quinto, dedicado á súa voluminosa correspondencia. Faltan



por publicar os tomos segundo (teatro e textos afíns), terceiro (os cuantiosos ensaios) e o cuarto, dedicado á súa obra xornalística. A non esquecer é a publicación do seu máis interesante póstumo, *La isla y Tablas de un naufragio* (1985), un proxecto ambicioso que Rafael Dieste non puido rematar.

Xunto con Lorca, Valle-Inclán e Augusto Martínez Olmedilla, Rafael Dieste renovou e vigorizou o teatro de guiñol hispano durante os anos vinte e trinta, e aportou obras orixinais noutros xéneros dramáticos. Tamén interesouse pola teoría dramática escribindo varios textos. En *Revelación y rebelión del teatro* (Misterio polemístico en una jornada) (1935) aborda as teorías de Edward Gordon Craig e o concepto de «supermarioneta»; en *Tratado mínimo del arte de la escena* (1944) e en *El alma y el espejo* (1981) descobre a súa concepción do teatro.

## Dos arquivos do trasno



*Dos arquivos do trasno* é unha colección de contos dados a coñecer xeralmente polo autor con anterioridade en publicacións periódicas. Parece ser que o inicio da xénese da obra hai que situalo no ano 1923, en que o autor publica nunha revista titulada *Charamuscas* o conto “*O vello que quería ve-lo tren*”. Como dato curioso, convén sinalar que a revista se realizaba en terras africanas, e en galego, onde nesa altura participaba como soldado na guerra de Marrocos o propio escritor.

Con posterioridade, durante a súa colaboración co xornal *Galicia*, comeza a publicar na sección “*Domingos literarios de Galicia*” colaboracións literarias en forma de contos. A fins de 1925 pasa a traballar no xornal *El Pueblo Gallego*, continuando coa publicación dalgún conto máis, até que en 1926 se decide a formar con eles un pequeno volume, saíndo do prelo con cargo ao soldo do propio autor. O libro levaba por título o xa coñecido, cun subtítulo “*Contos do monte e do mar*”, que desaparecerá nas edicións posteriores. Incluía oito contos, ademais do limiar: “*En col da morte de Bieito*”, “*De cómo se condenou o Ramires*”, “*A lenda da vella Lusca*”, “*A luz en silencio*”, “*Hestoria dun xoguete*”, “*O vello Moreno*”, “*O vagamundo*” e “*O vello que quería ve-lo tren*”. No voceiro nacionalista *A Nosa Terra* (1/5/1923) dábase conta da súa aparición da seguinte maneira: “(...) Oito contos de bela concepción e depurada forma na maior parte de cales é a morte a pedra angular a redor de cuíos varios aspectos Rafael Dieste escribiu unhas verbas que o conceitúan como bon literato e artista moderno”.

Dieste vai continuar co seu labor de escribir novos contos, que no mesmo ano 1927 inclúe a mode de apéndice a continuación da obra teatral *A fiestra valdeira*: “*O neno suicida*”, “*Na morte de Estrelia*”, “*Espanto de nenos*” e “*O grandor do mundo*”. Outros seis contos máis van ir aparecendo nas páxinas do xornal de Portela Valladares: “*Pampín*”, “*Na ponte de ferro*”, “*Nova York é noso*”, “*O caso dos tres fornos*”, “*Once mil novecentos vinteseis*” e “*O drama do cabalo de axedrez*”.

Xa na guerra civil, o autor vai publicar o conto “*O neno suicida*” en *Nova Galiza* e aparecerá na mesma revista un “*Conto portugués*” que nunca incluírá na súa obra de contos en galego. Xa establecido no exilio bonaerense, vai escribir dous novos contos polos anos 50: “*Un conto de reis*” e “*De cómo veu a Rianxo unha balea*”, cos que pon fin á súa produción narrativa no noso idioma.

En 1962, ao ano de ter retornado a Galiza, sae do prelo na editorial Galaxia a segunda edición do libro, fixando definitivamente o contido, que fica da seguinte maneira: o limiar e os oito contos da primeira edición de 1926, os catro incluídos na primeira edición da súa obra teatral, os seis publicados en *El Pueblo Gallego* e os dous contos escritos en Bos Aires. Aínda así, no 1973 Dieste vai preparar para a mesma editorial unha terceira edición que, conservando os mesmos contos e organización da anterior, supón a versión definitiva da obra.

Así pois, resulta evidente que os contos son resultado de diferentes impulsos criadores e mesmo responden a períodos de tempo tamén distintos. Mais a pesar disto, a primeira característica a destacar dos mesmos é a súa fundamental unidade. No breve “*Limiar*” de 1926, o escritor rianxeiro expoñía a súa teoría sobre o conto, resumida quizáis de xeito magnífico na seguinte metáfora: “*O conto é o remuíño que fan arredor dunha lámbada moitas volvoretas, todas mergulladas na mesma luz*”. Para el, o final había ser esa “*luz*” en que debían confluír todos os elementos do conto. A unidade emotiva é o outro elemento esencial.



## Tertulias Literarias

Pódese dicir que neste libro de Rafael Dieste conflúen dúas correntes importantes: a tradición popular galega e as modernas innovacións no campo da literatura narrativa. Dieste non só se inspira no pobo para tomar del a técnica empregada, senón que os seus protagonistas son parte dese mesmo pobo tamén, nun afán por destacar os seus valores éticos. Para isto, case sempre parte da realidade e, por abstracción, somete as diferentes situacións e personaxes a un proceso de eliminación das súas condicións materiais de vida para que fiquen claramente arquetipos.

Desa mestura entre tradición e innovación naceu unha obra plenamente galega canto ao seu contido e, ao tempo, universal desde o punto de vista da creación artística ou da técnica literaria.



Moitos estudiosos da súa obra teñen resaltado neste libro a importancia que xoga o extraordinario ou marabilloso, que o relacionaría com autores como Allan Poe ou Borges, e a presenza tamén do elemento popular galego, o que o achega á obra do propio Castelao. A súa vinculación co realismo máxico sitúa *Dos arquivos do trasno*, á altura de 1926, como un libro único e incomparable no contexto das diferentes literaturas peninsulares. O feito de que a importancia dada a esta obra non sobrepasase o límite das letras galegas, foi posto de manifesto pola profesora norteamericana Estelle Irizarry:

*"(...) Dentro de este panorama Dos arquivos do trasno adquire unha importancia que no ha sido apreciada suficientemente, aunque sí se há reconocido su contribución a la labor de renovación gallega en las letras regionales. La fantasía fabuladora en combinación con el realismo arraigado en el agro gallego, no tiene ni paralelo ni parangón en la narrativa producida en España en aquel momento".*

Galiza está presente no universo contístico diesteano a través de tipos, tradicións, costumes, ambientes e temática en xeral, cunha supremacía no conxunto daqueles contos referidos á Galiza costeira e mariñeira. Estamos diante dun auténtico mosaico de comportamentos populares: os nenos que aprenden o misterio ("*Espanto de nenos*"), a dignidade ("*Nova York é noso*") ou a solidariedade ("*De cómo veu a Rianxo unha balea*"); os emigrantes que á súa

volta descubren a grandeza e marabilla da súa patria ("*O grandor do mundo*"); a vella que agarda inútilmente a volta do fillo ("*A volta*"); o indiano que se mantén nas súas conviccións sen ceder ás presións ("*De cómo se condenou o Ramires*"); vellos que no paso do tren enxergan todo o que a vida lles negou e senten a saudade do descoñecido ("*O vello que quería ve-lo tren*").

*Dos arquivos do trasno* supuxo, pois, un fito importante na traxectoria da literatura galega do momento e, en especial, da prosa narrativa. Esta obra de Dieste é un exemplo da nosa prosa máis moderna e universal do momento, e ao tempo máis profundamente galega.

Nese afán de renovación estética que moveu os escritores da xeración do 1925, a nosa narrativa entra con este libro no camiño da vangarda literaria, espazo reservado para a poesía en exclusiva, converténdose nunha obra precursora do máis tarde coñecido como realismo máxico.

### Rafael Dieste e Dos arquivos do trasno

Rafael Dieste merece un lugar de honra nas letras galegas cun simple libro de contos: *Dos arquivos do trasno*.

Os relatos de Dieste caracterízanse por tratar personaxes comúns – do campo, das vilas mariñeiras... - que se encontran, nun determinado momento, ante o misterio (a morte, un sobresalto). O tratamento é trágico nunhas ocasións e humorístico noutras. En calquera caso, non deixan indiferente ao lector. Cos seus contos, literatura en estado puro sen segundas intencións ideolóxicas ou doutrinarias, Dieste estableceu os parámetros da narrativa galega contemporánea. Cos seus relatos, seixelos pero asemade reflexivos e conscientes, amosaba cá era o camiña da modernidade para as letras galegas nuns anos nos que outros, desde unha autoridade autooutorgada, non conseguían rompe-lo molde dunha escrita para a xustificación.

Para o período que estudiamos temos que limita-la análise aos contos que publicou antes da Guerra Civil, é dicir, aos incluídos na primeira versión de *Dos arquivos do trasno* e no apéndice de *A fiestra valdeira*. Neste conxunto de doce contos xa temos un mosaico de personaxes suficientemente representativo do panorama social galego.



## Tertulias Literarias

O primeiro dos relatos, “Sobre a morte do Bieito”, sitúa ao lector fronte o misterio cotián: a pregunta que se fai alguén cando cre percibir un ruído dentro do ataúde que lle toca lear ao camposanto, a dúbida entre a sospeita dun resto de vida e o medo ao ridículo no caso de terse equivocado.


En “De cómo se condenou o Ramíres” tamén nos enfrenta á morte pero antes de que se produza. Un indiano, que regresa rico e ateo recalcitrante, négase a acepta-la confesión antes de morrer, a pesar de tódolos intentos do cura apelando á última hora. Da decisión do moribundo dependerá – de acordo coa tradición cristiá – a súa salvación ou a súa condena eternas.

“A lenda da vella Lusca” (rebautizado como “A volta”) trata da esperada presenza do fillo ausente, ante a ca a nai chega a tolear.

“A luz en silencio” narra a sensación que facilmente percibimos cando nos atopamos na escuridade dun lugar descoñecido. Basta que pensemos que hai alguén – Dieste chámalle señor Nadie - para que ese alguén cobre vida (misteriosa, por suposto) de forma inmediata. Aínda que racionalmente saibamos que non hai ninguén máis ca nós, sempre nos queda a sospeita de que podería haber alguén máis.

“Historia dun xoguete” é outra narración de ausencias. Un mariñeiro non regresa da campaña. Na súa casa quedará – como lembranza metonímica – un barquiño, labrado a semellanza do que lle servía para gaña-lo sustento, encontrado entre o argazo da praia polos fillos do mariñeiro.

“O vello Moreno” trasládanos ás historias de mariñeiros, hóspedes de mil portos. Nunha taberna, un vello mariñeiro conta unha historia de amores contrariados por unha ausencia pagada cun engano. Unha muller agardaba en van o regreso do seu home. Este enviáralle canto había de precisar e aínda máis pero el non regresaba nin pensaba facelo. O ausente conta a súa propia historia.



“O vagamundo” retrata un personaxe común á maioría das vilas mariñeiras. Aquel home que se converte en solitario simplemente porque os demais fan cada un a súa vida: uns marchan a América, outros casan, todos medran. Pero él segue a ser un eterno adolescente, a contrapelo de todos aínda que sen facer nunca dano a ninguén.

“O vello que quería ve-lo tren” é, posiblemente, un dos contos máis entrañables de Dieste. Fronte ós que ven na chegada do tren unha fonte de pecado e de vida disoluta, a ilusión dun vello por ver cómo o tren chega á estación situáanos na inocencia fronte o progreso. Ao final os fillos ceden ao que consideran un capricho de vello chocho. Cando por fin ven como avanza imponente o tren e como se detén na estación, é o neto quen toma o relevo da ilusión. Despois de encararse cun mozo pasaxeiro, o rapaz vindica que él, algún día, tamén habaría de ir en tren.

“O neno suicida” retoma unha historia presente en diversos momentos da literatura: o crecemento ao revés, de vello a acabado de nacer, coa experiencia acumulada en relación inversamente proporcional á evolución vital. Neste caso, o misterio – unha vez aceptada a fantasía – radica na morte a data fixa, circunstancia que non sucede no decurso vital habitual.

“Na morte de Estrelaña” enfróntanos a ese absurdo que é a morte dun neno, a ese baleiro – lembrámo-los seus xogos, as súas alegrías – que deixa a súa desaparición. Ante este conto o lector sentirá unha sensación semellante – por esa brutalidade concentrada – á que podemos atopar no poema de Luis Pimentel “Enterro do neno pobre”.

“O grandor do mundo” descríbenos, con apenas dúas imaxes, a desilusión do emigrante fracasado. Con moita habilidade, Dieste troca o que era marchar “rico de pecunia e lembranzas” polo regreso “rico de penuria e lembranzas”.

“Espanto de silencio” viría a ser a versión infantil de “A luz en silencio”. Un grupo de nenos xogan nun almacén abandonado. De súpeto, séntense observados pero ningún deles quere aceptalo. Pasa o tempo e, os nenos de entón e homes de agora, seguen sen querer recoñecer que aquel día no vello almacén se sentiron observados.



A linguaxe dos contos de Dieste é popular, aínda que sen caer no mimetismo vulgarizante. Iso non significa que se econtre exenta de elaboración literaria: ao contrario, a linguaxe literaria de Dieste está engarzada coma un traballo de ourivería. O seu valor, se o comparamos cos narradores coetáneos do grupo Nós – especialmente con Otero Pedrayo -, reside en que non se nota o artificio nin necesita recorrer a referentes eruditos para demostra-la posibilidade de incorpora-la modernidade á narrativa en lingua galega.

### Una pasión creadora: Rafael Dieste

por Carlos Gurméndez (El País, 17 octubre 1981)

Como viene haciéndose cada año para celebrar el Día de las Letras Gallegas, 1995 está dedicado a Rafael Dieste, escritor y poeta, dramaturgo, ensayista, matemático, músico, y se realizarán congresos, seminarios, homenajes, conferencias, en Galicia, Madrid, Ginebra, Lausana, Basilea, París. Los recuerdos se agolpan desde mis 17 años, hasta una tarde que, paseábamos por los Cantones de La Coruña, me asombró la real vitalidad de sus 82 años al decirme con la más espontánea sinceridad: "Estoy deseando llegar a viejo, para saber lo que se siente". Habíamos iniciado nuestra amistad en la tertulia del Café de las Flores, presidida por su hermano Eduardo, fundador de la revista *PAN (Poetas, Andantes y Navegantes)*, a la que acudían pintores, poetas, músicos, escritores y sindicalistas. Casi todos jóvenes de la *generación del 27*, reclamaban inmediatas y necesarias transformaciones estéticas, políticas, sociales en aquella sociedad que sólo aceptaba las tradiciones heredadas, oponiéndose, a toda idea de progreso, pues aquellos artistas tenían clara conciencia del presente dramático que vivían. Y llegado el momento, se unieron con sus voces y acciones solidarias a la contienda más trágica española. Rafael Dieste formaba parte de las Misiones Pedagógicas, ya en esos años. Durante la guerra civil fue uno de los fundadores de la revista *Hora de España*, y participó en el Congreso de la Defensa de la Cultura, celebrado en Valencia, en 1937. Profundo simpatizante de la izquierda, nunca militó en ningún partido, pues era tan enemigo de la simplista ortodoxia como de la heterodoxia dispersiva. Al terminar la guerra civil, huyendo de las represalias que acarreo la trágica derrota, pasó a Francia con su mujer, Carmen Muñoz, herida de metralla en un brazo, donde fue internado en un campo de concentración. El poeta Pablo Neruda, entonces cónsul general de Chile en París, logró su libertad. Viajaron hasta Holanda y en el puerto de Rotterdam embarcaron rumbo a Buenos Aires. Allí, en la Editorial Atlántica, dirigió la colección Literatura Gallega. Más tarde fue profesor de la Universidad de Monterrey (México), y años después dictó varios cursos de literatura española en la Universidad de Cambridge. Regresa a España el año 1962, alternando temporadas en Madrid, La Coruña, la casa de Rianxo donde había nacido el 15 de enero de 1899, y en la que cerró los ojos para siempre, cayendo por sus centenarias escaleras de piedra el 15 de octubre de 1981.



En el pueblo natal conformó sus primeras impresiones. Conversaba con labriegos, pescadores, y tanto se interesó por su lenguaje popular, que le pidieron escribiera algo para que ellos lo pudieran representar. Así nació *Fiesta valdeira (Ventana vacía)*, una escenificación del ambiente que le rodeaba. Continuando esta línea popular, en *Dos arquivos do trasno (Archivos del diablo)* pinta la realidad, pero los cuentos no imponen la inmediatez cotidiana,

conservan intacta una verosimilitud misteriosa, pues se han transmitido de boca a oído con palabras que conjugan la verdad popular. Estas narraciones audiovisuales son como obra del diablo, al unir la evidencia visible con los fantasmas invisibles del sueño. Lo que se cuenta tiene plena objetividad, cimienta de toda verdadera obra artística.

Conversando una tarde en su casa, me dijo: "Yo sueño mucho cuando duermo y también de día, pero no interpreto mis sueños ni los psicoanalizo, que es una forma de descomponerlos". Los deja intactos como si fuesen reales. Es la clave para comprender *Historias e invenciones de Félix Muriel* y el secreto de su encantamiento. Los sueños son recuerdos vividos y, a la vez, experiencia de sueños deseados, exploraciones de la memoria, búsqueda del tiempo ido, del valle de la tierra virgen, relatos que se convierten de problema tierno en trascendente, al interiorizar el drama objetivado.

*Rojo farol amante*, poemas de lirismo sintético tenso, liberados de intimismo subjetivo, realiza la poesía esencialista de objetos intelectuales, que anticipara Antonio Machado. La magia de la naturaleza culmina en el poema *La montaña*, una simultaneidad de enfoques que condensan la belleza pánica del éxtasis.

Su teatro arranca de esta poesía conceptual y logra hacer plástica la abstracción. *Viaje y fin de don Frontán* evoca una moralidad medieval, con la solidez de dibujo tosco y violento del románico gallego. Obra metafísica y simbólica, representa el eterno drama



entre padre e hijo. El padre encarna el señor, propietario feudal en una Galicia primitiva; el hijo, heredero de las virtudes del padre, con su mismo afán de poder quiere independizarse de él, ser también amo, creador de su ser, generador de estirpes. El conflicto entre padres e hijos rebeldes podría quedar abierto como ley natural, pero este drama encuentra solución cuando el hijo, más tarde, se reconoce también padre. No es un mero drama cotidiano, tiene significación universal: la rebelión del hijo llega a un final, "pavor de la semejanza cuando un peregrino ve en él la misma carne de su padre. Y como en toda verdadera tragedia, nadie es culpable y todos lo son.

Al estallar la guerra civil, la abstracción poética de su teatro se vuelve conciencia dramática de la historia. Si don Frontán representa la totalidad de una vida, sus farsas y comedias de la guerra muestran al hombre sumergido en el conflicto de su destino histórico. En *Nuevo retablo de las maravillas*, el juego mágico termina en castigo de las clases dominantes, que se encuentran por azar asistiendo a una entretenida comedia. Y, entre burlas y veras, se van diciendo verdades sonoras y profundas. Los personajes de *Al amanecer*, el aristócrata escéptico, su hermana, fanática beata, el militar y el obispo, instalados en un castillo para tejer los hilos de una conspiración, están caracterizados por su fuerte personalidad. Pero al fracasar las tentativas se caen todos a un tiempo, simbolizando el fin del mundo que representan. Por obra de la farsa, estos hombres enteros se descubren muñecos de trapo, criaturas de barro que se vuelven polvo al menor soplo de una revolución. Su teatro se convierte así en mensajero de una ideología, portavoz de un combate dramático, sin perder su poesía originaria. Y del signo abstracto pasa a la verdad desnuda, real, del teatro contemporáneo portador de una nueva concepción del mundo.

La gravedad de los hechos se, esconde siempre, aun en los que parecen más inocuos, como en *Duelo de máscaras*, donde la cortesía de una tímida reverencia desencadena la tragedia. "¡Oh, qué ligera es la eternidad!", exclama don Juan agonizando, pues muere a consecuencia de ella. *Quebranto de doña Luparia* escenifica los problemas de unos personajes que sienten un amor puro, sencillo, natural, como Hernán y Dorotea. "¡Es tan difícil conocer la verdad en el amor!", pero al final triunfa sobre las intrigas, tapujos y alcahueterías de doña Luparia.

La narrativa de Rafael Dieste es platónica, pero también dialéctica, pues aunque el tiempo mana de un punto fijo, sus relatos incitan a trascenderlo, superar lo establecido, el conformismo, y ascender a la idea, ese sol de justicia en que nos sumerge, o encontrar la verdad de nuestro ser. Búsqueda que exige paciencia y espacio de tiempo desde el peregrinaje al retorno, con saltos, caídas, desgarramientos.

Como le mueve un ímpetu hacia la verdad, desemboca en la revolución ideal, que no la entiende sueño irrealizable, y también investigación de la realidad de su tiempo. Idealismo básico que es conciliable con la dialéctica innovadora para crear un mundo diferente, esperanzador, un destino universal.

Carlos Gurméndez es ensayista, autor de Tratado de las pasiones.

Fontes:

- [Diario de Arousa](#)
- [Culturagalega.org](#)
- [Xornal El País \(17/10/1981\)](#)
- "Historia da literatura galega". - AS-PG (1996) páx. 653-656
- Ventura, Joaquim: "Rafael Dieste" (en Proxecto Galicia: Everest. TXXII, páx. 274-276)

Para saber máis

- [Entrevista con Rafael Dieste sobre as Misións Pedagóxicas \(Educación y Biblioteca\)](#)
- [El Benjamin Button gallego \(Faro de Vigo\)](#)

[Arquivo documental das Tertulias Literarias \(desde 2010\)](#)

Biblioteca Central Rialeda  
Avenida Rosalía de Castro 227 A  
15172 – Perillo (Oleiros)  
Tfno.: 981 639 511  
Fax: 981 639 996

Email: [biblioteca.rialeda@oleiros.org](mailto:biblioteca.rialeda@oleiros.org)  
Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>